De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 7 de xuño de 2012 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle á C.M.V.M.C. de Amoedo, unha concesión dun caudal de auga de 0,31 l/s procedente de dous mananciais, situados nos montes da CMVMC de Amoedo, na parroquia de Amoedo (San Sadurniño), no concello de Pazos de Borbén (Pontevedra), con destino á abastecemento dun estanque anti-incendios.

Número Expte.: DH.A36.14172

Santiago de Compostela, a 7 de xuño de 2012.—A subdirectora xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, Pilar M. Ibeas Rollán. **2012005953**

A N U N C I O

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 6 de agosto de 2012 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle a Manuel Barcala Casal unha concesión dun caudal de auga de 0,252 l/s procedente dun pozo situado no lugar de Santón, parroquia de Goiás (San Miguel), no concello de Lalín (Pontevedra), con destino a uso gandeiro.

Número Expte.: DH.A36.14344

Santiago de Compostela, a 7 de agosto de 2012.—A subdirectora xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, Pilar M. Ibeas Rollán. **2012007944**

ADMINISTRACIÓN LOCAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

EXTRACTOS DE ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN SESIÓN, ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2012

ASISTENTES:

Presidencia: D. Rafael Louzán Abal.

Deputados: D. José Crespo Iglesias, Dna. Begoña Estévez Bernárdez, D. José Manuel Figueroa Vila, D. Jose Carlos López Campos, Dna. María Pilar Ramallo Vázquez, D. José Nelson C. Santos Argibay, D. Alberto Valverde Pérez e D. Jesús Vázquez Almuíña.

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay.

Interventor: Julio Souto Diz.

Non asiste o deputado provincial D. Jorge Domínguez Rosal.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia a Xunta de Goberno adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1.— Apróbanse os borradores das actas das sesións ordinarias dos días 3 e 10 de agosto do ano 2012, respectivamente.

2.— Apróbase a achega desta Deputación de Pontevedra para financiar os gastos de funcionamento correspondentes ó 2º trimestre do ano 2012 do Consorcio para o Servizo Contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

3.— Acórdase a devolución de varias garantías definitivas.

4.— Concédense subvencións do "Programa Diúrno de Balnearios 2012"- Cuarto grupo.

5.— Concédense subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social prestadoras de axudas de urxente necesidade.

6.— Concédense subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social, que traballan no marco dos Servizos Sociais Especializados (Convocatoria 2012).

7.— Dáse conta dos concellos adheridos ó programa "Actívate 2012".

8.— Comunicacións: Non houbo.

Fóra da orde do día:

9.— Acórdase o recoñecemento extraxudicial de varias obrigas.

10.— Acórdase a revisión de prezos do contrato de servizos formalizado coa empresa Limpezas del Noroeste, S.A.U., para limpeza da Cidade Infantil Príncipe Felipe.

11.— Rectifícase o acordo nº 4.20177 adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno de data 27/07/2012.

12.— Ratifícase a resolución presidencial número 10.273/2012 relativa á adxudicación do contrato correspondente á prestación de servizos de publicidade no xornal "Diario de Pontevedra".

13.— Ratifícanse as resolucións presidenciais números 10.096/2012 e 10.274/2012 relativas á aprobación do expediente de contratación e á adxudicación do contrato correspondente á prestación de servizos de publicidade nas emisoras de Radio Pontevedra e Radio Arousa.

14.— Ratifícase a resolución presidencial número 10.275/2012 relativa á adxudicación do contrato correspondente á prestación de servizos de publicidade na emisora "Radio Vigo" e na canle de televisión "Localia Vigo".

15.— Apróbase o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e a Real Federación Española de Fútbol para a reforma do campo de fútbol de Coia (Vigo).

16.— Rogos e preguntas: Non houbo.

Pontevedra, a 31 de agosto de 2012.—O Secretario Xeral, Carlos Cuadrado Romay. **2012008494**

AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

EDICTO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO PERÍODO IMPOSITIVO 2012

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria e outros Ingresos de Dereito Público (Campo do Boi 4, esquina a Xofre de Tenorio núm. 5).

Horario: de luns a venres, de 9:00 a 13.30 horas.

Prazo: Ata o 19 de novembro de 2012.

Exponse ao público ata o 19 de novembro de 2012 o padrón de contribuíntes do imposto sobre actividades económicas do período impositivo 2012, aprobado en data 07/09/2012, por resolución da adxunta ao Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria.

Contra o precedente acto, que non pon fin á vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñerse:

1º) Ou ben, o recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública, ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

2º) Ou ben, directamente reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no mesmo prazo, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

No primeiro caso, se deberá notificar a resolución no prazo dun mes, conforme co establecido no artigo 14.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo entón os interesados interpoñer reclamación económica-administrativa no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da desestimación presunta, consonte ao establecido no artigo 235 da Lei xeral tributaria e 20 do Regulamento orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Pontevedra.

No segundo caso, se deberá notificar a resolución no prazo dun ano (seis meses no caso de ser procedemento abreviado), entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo o interesado presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da desestimación presunta, de conformidade ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa.

NOTA INFORMATIVA

Normas de procedemento para o ingreso dos tributos municipais de cobro periódico por recibo do Excmo. Concello de Pontevedra:

1.—O Concello remitirá aos domicilios fiscais dos contribuíntes un aviso de pagamento co que se deberá efectualo ingreso en calquera das oficinas das entidades de depósito autorizadas para a prestación do servizo de colaboración na xestión recadadora municipal (a práctica totalidade das mesmas), ata a data límite de ingreso que se sinala naquel, no horario de caixa establecido por cada entidade para o pagamento dos recibos non domiciliados.

Unha vez efectuado o ingreso polo importe total que se ten que pagar, o exemplar para o interesado seralle devolvido a este, o cal, debidamente dilixenciado, constituirá o xustificante de pago para tódolos efectos.

2.—A non recepción ou calquera outro erro nos datos consignados no documento cobratorio non exime da obriga de pagamento (art. 102 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria). Os contribuíntes que, trinta días antes do remate do período voluntario de ingreso, non recibisen ou extraviasen o xogo de impresos correspondente, disporán ata o último día do prazo citado para solicitar un duplicado nas dependencias municipais de recadación. Para a súa comodidade, acuda con antelación suficiente a solicitar o duplicado, evitando deste xeito a formación de colas e aglomeracións os últimos días do período voluntario.

3.—Os contribuíntes que domiciliasen o pagamento dos seus tributos cargaráselle en conta o importe correspondente de acordo coas súas indicacións.

PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACION

Por resolución da adxunta ao Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria de data 19 de setembro de 2012 sinálase o período voluntario de recadación e a data de cargo en conta dos recibos domiciliados en entidades de depósito dos tributos seguintes:

I. PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO PERÍODO IMPOSITIVO 2012.

II. PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACION: DO 17 DE SETEMBRO DE 2012 AO 19 DE NOVEMBRO DE 2012.

III. DATA DE CARGO EN CONTA DOS RECIBOS DOMICILIADOS: 3 DE OUTUBRO DE 2012.

Forma de pagamento.—En calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras na recadación municipal, empregando o instrumento de cobro enviado ao domicilio fiscal dos contribuíntes para tal fin:

NOVAGALICIABANCO, CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA "LA CAIXA", BANCO SANTANDER, BANCO CAIXA GERAL, BANCO PASTOR, BANCO DE GALICIA, BANCO SABADELL ATLANTICO, BANCO ESPIRITO SANTO, BARCLAYS BANK, CAJA DE AHORROS DE SALAMANCA Y SORIA "CAJA DUERO", BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, CAIXA CATALUNYA, CAJA DE MADRID, BANCO GALLEGO, BANCO POPULAR ESPAÑOL, BANCO ETCHEVERRIA E CAJA DEL MEDITERRANEO.

Advertencia.—Rematado o período voluntario de ingreso, os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 da Lei xeral tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.(R.D. 939/2005,de 29 de xullo).

Domiciliación.—Aconsellámoslle que, para a súa comodidade, domicilie o pagamento dos seus tributos de algunha dos seguintes xeitos:

a) na súa entidade financeira, se é algunha da xa mencionadas, no momento de pagar o recibo, e cubrindo a orde de domiciliación que se achega co impreso de pagamento.

b) ou, cubrindo o modelo 800 do Concello de Pontevedra, de domiciliación bancaria e presentándoo no rexistro xeral daquel.

Pontevedra, a 07 de setembro de 2012.—A adxunta ao Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria, Aurora Santiago Boubeta. **2012008547**

* * *

MEIS

ANUNCIO

Na sesión plenaria extraordinaria de data 20 de xullo de 2012 aprobouse inicialmente a modificación de crédito ref: 4/12 do Orzamento Xeral do Concello de Meis para o ano 2012, na modalidade de crédito extraordinario financiado cunha operación de endebedamento concertada ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/12, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer mecanismos de financiación para o pago a provedores das entidades locais, por importe acumulado de 40.128,80 euros e publicada no B.O.P. de data 30 de xullo de 2012 nº 145.

Transcorrido o prazo de exposición ao público, sen presentación de reclamacións, de acordo co disposto no artigos 169.3 e 177.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, enténdese definitivamente aprobada e procédese a súa publicación resumida por capítulos:

1. ORZAMENTO DE GASTOS

CAP.	*DENOMINACIÓN*	*CRÉDITO INICIAL*	*MODIFICACIÓN (+)*	*MODIFICACION (–)*	*CRÉDITO DEFINITIVO*
1	GASTOS DE PERSOAL	942.422,98	31.459,38	0,00	973.882,36
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	1.696.080,49	0,00		1.696.080,49
3	GASTOS FINANCEIROS	41.800,00	0,00	0,00	41.800,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	113.020,00	0,00	0,00	113.020,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	236.859,13	267.088,91	0,00	503.948,04
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	52.000,00	0,00	0,00	52.000,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	130.000,00	0,00	0,00	130.000,00
	TOTAL	**3.212.182,60**	**298.548,29**	**0,00**	**3.510.730,89**

2. ORZAMENTO DE INGRESOS

CAP.	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL	MODIFICACIÓN (+)	MODIFICACION (–)	PREVISIÓN DEFINITIVA
1	IMPOSTOS DIRECTOS	900.160,00	0,00	0,00	900.160,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	270.000,00	0,00	0,00	270.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	562.555,86	0,00	0,00	562.555,86
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.151.245,67	31.459,38	0,00	1.182.705,05
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	13.000,00	0,00	0,00	13.000,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	0,00	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	315.221,07	184.221,07	0,00	499.442,14
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00	82.867,84	0,00	82.867,84
	TOTAL	**3.212.182,60**	**298.548,29**	**0,00**	**3.510.730,89**

Meis, a 20 de agosto de 2012.—O Alcalde, José Luis Pérez Estévez. **2012008043**

* * *

SALCEDA DE CASELAS

ANUNCIO

APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS

O Pleno do Concello en sesión ordinaria de data de 31 de agosto do presente ano acordou aprobar inicialmente a modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Apertura de Establecementos.
- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Expedición de Licencias Urbanísticas.
- Ordenanza Fiscal do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.

De conformidade co establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométense a información pública os expediente durante o prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no taboleiro de editos do concello e no Boletín Oficial da Provincia. O prazo comezará a computarse dende o día seguinte ao de publicación deste anuncio no BOP.

Durante o prazo de información pública os interesados poderán examinar os expedientes no Concello e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. Para o caso de non formularse reclamación ningunha, elevaranse a definitivos os acordos de aprobación inicial, procedendo á publicación no BOP dos acordos definitivos e dos textos íntegros das ordenanzas.

En caso de non presentarse reclamacións, as ordenanzas referenciadas entenderanse definitivamente aprobadas sen necesidade de novo acordo.

Salceda de Caselas, a 3 de setembro de 2012.—A 1ª Tte. de AlCalde en funcións de Alcalde (Decreto nº 286/2012), Marina Cabaleiro Fernández. **2012008474**

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA 2012 E DA PLANTILLA DE PERSOAL

Aprobado inicialmente o Orzamento e a plantilla de persoal para 2012 en sesión plenaria de 29 de xuño de 2012, someteuse a exposición pública, previo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) nº 132, de 10 de xullo de 2012, mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello, por prazo de quince días hábiles. En sesión Plenaria de 31 de agosto de 2012, resolvéronse as reclamacións prestentadas e aprobouse definitivamente o Orzamento e plantilla de persoal para 2012.

Conforme ós artigos 169.3 e 169.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público, entrando en vigor unha vez producida a presente publicación no BOP:

Primeiro: Que dito orzamento conta cunhas previsións no orzamento de Ingresos de 4.969.462,63 € e unha consignación no orzamento de gastos de 4.568.326,68 €, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ORZAMENTO DE INGRESOS

ORZAMENTO DE INGRESOS	
I. IMPOSTOS DIRECTOS	1.336.000,00
II. IMPOSTOS INDIRECTOS	200.000,00
III. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.182.588,00
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.034.674,63
V. INGRESOS PATRIMONIAIS	216.200,00
VI. ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,00
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL	4.969.462,63

ORZAMENTO DE GASTOS

ORZAMENTO DE GASTOS	
I. GASTOS DE PERSOAL	1.458.061,02
II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	2.347.561,43
III. GASTOS FINANCEIROS	47.450,00
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	169.851,40
VI. INVERSIÓNS REAIS	227.122,83
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	115.980,00
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	202.300,00
TOTAL	4.568.326,68

Segundo: Aprobáronse as bases de execución que acompañan ó orzamento.

Terceiro: Asemade amortizáronse os seguintes postos de traballo:

Persoal funcionario:

- Amortización dunha praza de Operario de Servicios Múltiples (encargado).

  Características: nivel 14, grupo E (coa disposición adicional 7ª do EBEP a praza estaría integrada noutras Agrupacións Profesionais).

Cuarto: acordouse aprobar definitivamente a plantilla de persoal, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e que conforme preceptúa o artigo 127 do TRRL se reproduce a continuación:

PLANTILLA DE PERSOAL FUNCIONARIO

Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	SITUACIÓN DA PRAZA	ESCALA	SUBESCALA	CLASE-CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO	NIVEL	PROVISIÓN	OBSERVACIÓNS
1	Secretario	Vacante (Nomeamento Provisional)	Habilitación Estatal	Secretaría	Entrada	A1	28	Concurso	Dedicación Plena
1	Interventor	EN PROPIEDADE	Habilitación Estatal	Intervención Tesorería	Entrada	A1	28	Concurso	Dedicación Plena
1	Arquitecto (vacante)	VACANTE	Admón. Especial	Técnica	Superior	A1	24	Oposición	Dedicación Plena
1	Aparellador (vacante)	VACANTE	Admón. Especial	Técnica	Media	A2	24	Oposición	Dedicación Plena
1	Administrativo (Secretaría- Intervención)	EN PROPIEDADE	Admón General	Admtva.		C1	22	Oposición	Dedicación Plena
1	Administrativo (Tesourería)	EN PROPIEDADE	Admón. General	Admtva.		C1	22	Oposición	Dedicación Plena
1	Administrativo (vacante)	VACANTE	Admón. General	Admtva.		C1	22	Oposición	Dedicación Plena
1	Oficial de Policía (vacante)	VACANTE	Admón. Especial	Servicios Especiais	Policía Local	C1	18	Oposición	Dedicación Plena
6	Policía Local	EN PROPIEADE	Admón. Especial	Servicios Especiais	Policía Local	C1	18	Oposición	Dedicación Plena
1	Auxiliar Administrativo (Secretaría)	EN PROPIEDADE	Admón. General	Auxiliar		C2	18	Oposición	Dedicación Plena
1	Auxiliar Administrativo (Tesourería)	EN PROPIEDADE	Admón. General	Auxiliar		C2	18	Oposición	Dedicación Plena
1	Auxiliar Administrativo (O. Xerais)	EN PROPIEDADE	Admón. General	Auxiliar		C2	18	Oposición	Dedicación Plena
1	Alguacil - Porteiro	EN PROPIEDADE	Admón. General	Subalterna		E**	14	Concurso-Oposición	Decicación Plena
5	Operario Servic.Multiples	EN PROPIEDADE	Admón. Especial	Servicios Especiais	Personal Oficios	E**	14	Oposición	Dedicación Plena

*** Os ocupantes das citadas prazas se integran noutras agrupacións profesionais á que se fai referencia na disposición adicional 7ª EBEP*

PLANTILLA PERSOAL LABORAL: PERSOAL FIXO.

Nº	DENOMINACIÓN	TITULACIÓN REQUERIDA	FORMA DE PROVISIÓN	OBSERVACIÓNS	
1	Técnico/a Oficina Información Xuvenil*	Técnico Medio	Diplomatura ou equivalente	Concurso-oposición	Vacante (ocupada provisionalmente)
1	Axente Desenvolvemento Local *	Técnico	Licenciatura, título de Grao ou equivalente	Concurso-oposición	Vacante (ocupada provisionalmente)

**Cuberta a praza por personal laboral temporal*

PLANTILLA DE PERSOAL EVENTUAL

DENOMINACIÓN	Nº	TITULACIÓN MÍNIMA ESIXIDA	SISTEMA DE PROVISIÓN	RÉXIME ADICACIÓN	FUNCIÓNS
Asesor/a-Alcaldía	1	ESO/Graduado escolar	Persoal eventual (art 104 lei 7/1985, LRBRL)	Xornada completa	Confianza e asesoramento especial
Asesor/a-1ª Tenencia Alcaldía	1	ESO/Graduado escolar	Persoal eventual (art 104 lei 7/1985, LRBRL)	Media xornada	Confianza e asesoramento especial

Contra a aprobación definitiva do expediente, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contenciosoadministrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo no prazo de DOUS MESES dende o día seguinte ó da presente publicación (art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Salceda de Caselas, a 3 de setembro de 2012.—A 1ª Tte. de Alcalde en funcións de Alcalde (Decreto 286/2012), Marina Cabaleiro Fernández. **2012008473**

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE CAIXEIROS NAS FACHADAS DOS INMOBLES CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA.

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en sesión ordinaria celebrada o 27 de abril de 2012, acordou a aprobación inicial da "Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por instalación de caixeiros nas fachadas dos inmobles con acceso directo dende a vía pública".

Expúxose ó público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia n.º 109, do 7 de xuño de 2012 e, ó non se ter presentado ningunha alegación, queda aprobada definitivamente.

En aplicación do que se establece no artigo 17.4 do dito Real decreto lexislativo 2/2004, publícase o texto íntegro da devandita ordenanza aos efectos da súa entrada en vigor:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE CAIXEIROS NAS FACHADAS DOS INMOBLES CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Salceda de Caselas establece a taxa pola instalación de caixeiros nas fachadas dos inmobles con acceso directo dende a vía pública, dacordo co artigo 20.1 a) do citado Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e cuxas normas atenden ó previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 1.—FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da Taxa o aproveitamento especial do dominio público que comporta a instalación polas entidades bancarias de caixeiros automáticos e demais aparatos de que se sirven as entidades financeiras para prestar os seus servizos nas fachadas dos inmobles, con acceso directo dende a vía pública.
2. A obriga de contribuir nace polo outorgamento da concesión da licenza administrativa ou dende que se realice o aproveitamento si se fixera sen a correspondente licenza.

ARTIGO 2.—SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos desta Taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que se sinalan no artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria a cuio favor se outorguen as licenzas ou quenes se beneficien do aproveitamento, si se procede usen a oportuna autorización e en calquer caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.
2. Terán a condición de sustitutos do contribuínte os propietaris dos edificios ou locais onde se ubiquen os aparatos ou caixeiros obxecto desta Taxa.

ARTIGO 3.—EXENCIÓNS

Non se concederán outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais, na cuantía que por cada un deles se conceda.

ARTIGO 4.—COTA TRIBUTARIA

1. O valor da taxa fíxase tomando como referencia o valor que tería no mercado o aluguer dun metro cadrado do terreo necesario para a realización da actividade,
2. A cota tributaria da Taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa contida no apartado seguinte.
3. A cota anual por caixeiro a pagar será: 480 euros.

ARTIGO 5.—NORMAS DE XESTIÓN:

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza para a súa instalación e formular declaración na que conste a ubicación do aproveitamento.
2. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións cando proceda.
3. Unha vez concedida a licenza ou se realice o aproveitamento sin terse outorgado aínda aquela, o Concello xirará a liquidación tributaria que corresponda, sen que este feito presupoña a concesión de licenza algunha.

4. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente a baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel en que se retire a instalación. Xunto coa declaración, o suxeito pasivo deberá acompañar a licenza expedida polo Concello para suprimir físicamente o aparto.

   A presentación da baixa surtirá efectos a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte ao da efectiva retirada do caixeiro automático.

   Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa coas especificacións anteriores, determinará a obriga de continuar abonando a taxa.

ARTIGO 8.—PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O periodo impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento especial, en cuio caso, o periodo impositivo axustarase a esta circunstancia co seguinte prorrateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalemnte ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluido o do comenzo do aproveitamento especial.

   Asimesmo, e en caso de baixa por cese no aproveitamento, as tarifas serán prorrateables por trimestres naturais. A tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se producirá o aproveitamento citado.
2. Nos sucesivos exercicios, a taxa liquidarase por medio de Padrón de cobro periódico por recibo, nos prazos que determine, cada ano, a Corporación.

ARTIGO 9.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS:

1. En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no artigo 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Salceda de Caselas, a 3 de setembro de 2012.—A 1ª Tte. de Al Calde en funcións de Alcalde (Decreto nº 286/2012), Marina Cabaleiro Fernández.

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL.

O Pleno do Concello en data de 15 de maio de 2012 aprobou inicialmente a Ordenanza Reguladora do Prezo Público por Utilización do Auditorio Municipal.

O expediente someteuse a información pública por un prazo de trinta días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia n.° 109, do 7 de xuño de 2012, e máis no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para o seu exame e presentación de reclamacións.

O Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o 31 de agosto de 2012, procedeu á resolución das reclamacións presentadas en tempo e forma, e en consecuencia, aprobou definitivamente a ordenanza que de seguido se publica co seu texto íntegro, que entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL

ARTIGO 1.—CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación cos artigos 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Salceda de Caselas establece o prezo público pola utilización do Auditorio municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza.

O aluguer para a utilización do Auditorio Municipal estará limitado á realización de actos culturais, festivais benéficos, actos deportivos que posibiliten a súa realización nas instalacións do auditorio, actos informativos e actos políticos.

ARTIGO 2.—OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza quen se beneficie dos servizos prestados recollidos no artigo anterior.

ARTIGO 3.—CONTÍA

1. A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada na tarifa contida no apartado seguinte.
2. A tarifa única deste prezo público pola cesión do auditorio municipal será a seguinte: 50,00 €/día.

ARTIGO 4.—NACEMENTO DA OBRIGACIÓN

A obriga de pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se aprobe polo órgano competente a cesión do uso.

ARTIGO 5.—NORMAS DE XESTIÓN

1. Os interesados na utilización do Auditaorio municipal deberán presentar a oportuna solicitude ao respecto.
2. O pago do prezo público efectuarase no prazo indicado na resolución da cesión e, en todo caso, con carácter previo ó uso das instalación.
3. A reserva do Auditorio considerarase confirmada unha vez que se reciba o resgardo do preceptivo ingreso efectuado na entidade bancaria que indique o Concello, no prazo sinalado na notificación da dispoñibilidade da reserva. Transcorrido dito prazo sen terse efectuado o ingreso quedará anulada a reserva.
4. A anulación da reserva do Auditorio realizada polos interesados, entre 60 e 30 días naturais anteriores á data de autorización desa actividade, terá unha retención do 25% do prezo público. As anuladas entre os días 30 e 10, terá una retención do prezo público do 50% e cando a anulación teña lugar durante os 10 días anteriores a data de autorización da actividade non se producirá devolución do importe do prezo público ingresado.
5. Cando por causas non imputables ao obrigado ó pago non poida procederse a cesión do Auditorio, procederá a devolución do importe que estivera ingresado.
6. Cando se produza un dano ou deterioro imputable ao usuario, este, sen prexuízo do pago do prezo público, estará obrigado ao reintegro do coste total dos gastos de reparación, e se o dano fose irreparable, o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruidos ou danados, non puidéndose condonar total nin parcialmente estas indemnizacións.

ARTIGO 6.—EXENCIÓNS

Nos casos en que se xustifique, poderán ser gratuítas as cesións para a realización de actividades das administracións públicas ou organismos de dereito público delas dependentes, asociación de calquer

tipo, fundacións e institucións sociais e benéficas que non teñan carácter lucrativo, ou realicen actividades de interese social e cultural, sempre que estas actividades sexan de carácter gratuíto.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Salceda de Caselas, a 3 de setembro de 2012.—A 1ª Tte. de Al Calde en funcións de Alcalde (Decreto nº 286/2012), Marina Cabaleiro Fernández.

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DOS USOS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS

O Pleno da Corporación municipal, en sesión que tivo lugar o 15 de maio de 2012, aprobou inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora dos Usos do Auditorio Municipal.

Ao abeiro do establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), someteuse o expediente a información pública por un prazo de trinta días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia n.° 109, do 7 de xuño de 2012, e máis no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para o seu exame e presentación de reclamacións e suxestións.

O Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o 31 de agosto de 2012, procedeu á resolución das reclamacións presentadas en tempo e forma, estimándoas parcialmente e, en consecuencia, aprobou definitivamente o texto da ordenanza, que se publica a continuación para xeral coñecemento, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

ORDENANZA REGULADORA DOS USOS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS

ARTIGO 1. OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material do Auditorio Municipal do Concello de Salceda de Caselas, ubicado no edificio anexo á Casa do Concello, co obxecto de lograr unha utilización racional e ordeada do mesmo.

ARTIGO 2. USOS DO AUDITORIO MUNICIPAL.

2.1. O Concello autorizará o uso do Auditorio Municipal para actos que se engloben nas seguintes categorías:

— Actos culturais

— Festivais benéficos

— Actos deportivos que posibiliten a súa celebración nas instalacións do Auditorio.

— Actos informativos

— Actos políticos

— Calquera outro tipo de acto que se considere apropiado por parte do Concello e que cumpla co disposto na presente ordenanza.

2.2. Non se autorizará o uso do Auditorio Municipal nos seguintes supostos:

— Actos con claro contido violento, racista, xenófobo, homófobo, antidemocrático ou que vulneren calquera dos dereitos fundamentais das persoas.

— Actos con finalidade lucrativa por parte de empresas ou autónomos, demostracións comerciais ou similares.

— Actos religiosos.

— Calquera acto que non se considere apropiado por parte do Concello, motivándose debidamente.

2.3. Este local será utilizado con carácter temporal. En ningún caso poderá ser domicilio social das entidades nin constituir o lugar permanente onde realizar as súas actividades.

ARTIGO 3. RÉXIME INTERIOR.

Nas actividades que se leven a cabo no Auditorio, o Concello exercerá a precisa intervención administrativa, o control, a vixiancia e cantas funcións impliquen o exercicio de autoridade e sexan da súa competencia.

3.1) Disposicións de carácter xeral:

Tendo en conta que a instalación ten un aforo limitado de persoas, o Concello advertirá e requerirá que non se supere dito límite. Ademais, dispóñense as seguintes limitacións:

a) Non se autoriza a entrada de animais á instalación excepto de cans guía.

b) Non se permite comer, beber, nin fumar na sala, excepto o consumo de auga.

c) Prohíbese introducir e empregar calquera elemento de vidro, artigos pirotécnicos ou calquera outro produto inflamable.

3.2) Obrigas do Concello de Salceda de Caselas:

a) O Concello faise cargo dunha limpeza periódica das instalacións, así como do mantemento técnico dos materiais.

b) O Concello de Salceda de Caselas facilitará a entrada da entidade solicitante ao local, ven sexa coa apertura de portas por parte dun empregado municipal ou coa entrega das chaves correspondentes ao solicitante.

3.3) Obrigas dos solicitantes:

a) Cada solicitante é responsable da limpeza básica das instalacións que se lle autorice usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada. Tanto o local coma o material debe quedar recollido.

b) En caso de precisar o material audiovisual dispoñible no Auditorio, o solicitante deberá aportar un técnico cualificado que se fará responsable do uso dos mesmos.

c) O solicitante debe respetar os horarios e datas para os que teña autorización de uso.

d) No momento de acceder ao Auditorio debe estar presente a persoa que asina a solicitude, procedendo a un recoñecemento xunto con persoal do Concello, do estado en que se atopa tanto a sala como o equipamento dispoñible.

e) No caso de producirse danos por neglixencia ou mala fe, o solicitante deberá repoñer íntegramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.

f) Excepcionalmente estará permitido o uso do hall do auditorio para degustación de aperitivos, sempre con autorización expresa do Concello.

g) En ningún caso poderá destinarse este espazo municipal a fins distintos a aqueles para os cales se fai a solicitude.

h) Non se permite a cesión do espazo por parte do solicitante a terceiros. A autorización será unicamente para o solicitante.

ARTIGO 4. SOLICITUDES.

O acceso levarase a cabo mediante a presentación dunha instancia normalizada en impreso que se facilitará no Concello, presentada no Rexistro Xeral do Concello e dirixida á concelleira-delegada de cultura.

O impreso deberá estar totalmente cuberto, facilitando todos os datos solicitados no mesmo, adxuntándose a documentación precisa que os acredite.

Para garantir unha programación axeitada do uso por parte dos potenciais usuarios/as, as solicitudes deberán ser presentadas cunha antelación mínima de 15 días hábiles con respecto á data solicitada.

ARTIGO 5. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E CRITERIOS DE AUTORIZACIÓN DE USO.

As solicitudes serán valoradas polo Concello atendendo aos seguintes criterios de prioridade:

- Os actos organizados polo Concello de Salceda de Caselas teñen preferencia sobre calquera outra solicitude recibida.
- Terán preferencia de uso as asociacións inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello e os partidos políticos con representación no Concello de Salceda de Caselas.
- Durante os periodos de campaña electoral terán preferencia de uso os diferentes partidos políticos que concurran ás citadas eleccións.
- As autorizacións faranse respectando as preferencias indicadas e a orde de entrada das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

ARTIGO 6. CONFLICTOS.

O Concello, a través do órgano competente, será o encargado de dilucidar os conflictos que puidieran xurdir por mor da dispoñibilidade do Auditorio Municipal.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Salceda de Caselas, a 3 de setembro de 2012.—A 1ª Tte. de Al Calde en funcións de Alcalde (Decreto nº 286/2012), Marina Cabaleiro Fernández.

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR IMPARTICIÓN DE CURSOS, LUDOTECAS, VIAXES, CAMPAMENTOS XUVENÍS E OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIOCULTURAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO.

O Pleno do Concello en data de 15 de maio de 2012 aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter sociocultural organizadas polo Concello.

O expediente someteuse a información pública por un prazo de trinta días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia n.° 109, do 7 de xuño de 2012, e máis no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para o seu exame e presentación de reclamacións.

O Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o 31 de agosto de 2012, procedeu á resolución das reclamacións presentadas en tempo e forma, e en consecuencia, aprobou definitivamente as seguintes modificacións na ordenanza, que se publican a continuación, e que entrarán en vigor unha vez se publiquen no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR IMPARTICIÓN DE CURSOS, LUDOTECAS, VIAXES, CAMPAMENTOS XUVENÍS E OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIOCULTURAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO

ARTIGO 4º.—CONTÍA.

Actuacións no Auditorio Municipal:

Para os actos organizados polo Concello establecénse as seguintes contías en taquilla:

1. Actos para público infantil:

— 1.1 Actos con un custe ata 1.000,00 €:
  - Ata 7 anos: Gratis
  - De 8 a 14 anos: 1,50 €
  - A partir de 15 anos: 2,50 €

— 1.2 Actos con un custe de 1.001,00 a 2.000,00 €:
  - Ata 7 anos: Gratis
  - De 8 a 14 anos: 2,50 €
  - A partir de 15 anos: 4,00 €

— 1.3 Actos con un custe de 2.001,00 a 3.000,00 €:
  - Ata 7 anos: Gratis
  - De 8 a 14 anos: 3,50 €
  - A partir de 15 anos: 5,50 €

— 1.4 Actos con un custe de 3.001,00 a 4.000,00 €:
  - Ata 7 anos: Gratis
  - De 8 a 14 anos: 4,50 €
  - A partir de 15 anos: 7,00 €

— 1.5 Actos con un custe de 4.001,00 a 5.000,00 €:
  - Ata 7 anos: Gratis
  - De 8 a 14 anos: 5,50 €
  - A partir de 15 anos: 8,50 €

— 1.6 Actos con un custe de 5.001,00 a 6.000,00 €:
  - Ata 7 anos: Gratis
  - De 8 a 14 anos: 6,50 €
  - A partir de 15 anos: 10,00 €

— 1.7 Actos con un custe superior os 6.001,00 €:
  - Ata 7 anos: Gratis
  - De 8 a 14 anos: 7,50 €
  - A partir de 15 anos: 11,50 €

2. Actos para público adulto:

— Actos con un custe ata 1.000,00 €: 3,00 €
— Actos con un custe de 1.000,01 a 2.000,00 €: 4,00 €
— Actos con un custe de 2.000,01 a 3.000,00 €: 5,00 €
— Actos con un custe de 3.000,01 a 4,000,00 €: 6,00 €
— Actos con un custe de 4.000,01 a:5.000,00 €: 7,00 €
— Actos con un custe de 5.000,01 a 6.000,00 €: 8,00 €
— Actos con un custe superior a 6.001,00 €: 10,00 €

Salceda de Caselas, a 3 de setembro de 2012.—A 1ª Tte. de Alcalde en funcións de Alcalde (Decreto 286/2012), Marina Cabaleiro Fernández. **2012008475**

MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA DOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, MARÍN, POIO, PONTE CALDELAS, VILABOA, COTOBADE E CAMPO LAMEIRO

Anuncio de exposición ó público

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Mancomunidade, na sesión ordinaria celebrada o día 5 de setembro de 2012 o expediente de modificación de crédito nº 4/2012 (2-SUP/2012), dentro de orzamento xeral da Mancomunidade Terras de Pontevedra dos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade e Campo Lameiro para o exercicio 2012 exponse ao público por prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións, de conformidade co establecido no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Pontevedra, 5 de setembro de 2012.—A Presidenta por delegación, Carlota del Carmen Román García.

2012008508

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

De Vigo

E D I C T O

Doña Marta Lagos Suárez-Llanos, Secretaria Judicial del Juzgado de lo Social número cuatro de Vigo.

Hago saber: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de Luis Franco Novoa contra Francisco Javier Prado Cabaleiro, Fondo de Garantía Salarial, en reclamación por despido, registrado con el n° despido objetivo individual 821/2012 se ha acordado citar a Francisco Javier Prado Cabaleiro, en ignorado paradero, a fin de que comparezca en la sala de vistas de este Juzgado de lo Social cuatro, situado en calle Lalín, 4-3ª planta, el día 31 de octubre de 2012 a las 11.15 horas, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso Juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno e oficio, la falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a Francisco Javier Prado Cabaleiro, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En Vigo, a treinta y uno de Agosto de dos mil doce.—La Secretaria Judicial, Marta Lagos Suárez-Llanos.

2012008459